

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE VENTO-METAL



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Centro: 15032133 | ESMU Municipal de Ortigueira



Escola de Música Concello de
Ortigueira

(*) Profesor por vacante: Carlos Diéguez Beltrán

**Instrumentos: Trompeta, Trompa, Trombón,
Bombardino e Tuba**

Programación Didáctica

Departamento VENTO-METAL

ÍNDICE

1.- CONTEXTUALIZACIÓN

2.- OBXECTIVOS

- 2.1. Obxectivos xerais
- 2.2. Obxectivos específicos da práctica instrumental

3.- CONTIDOS XERAIS

- 3.1. Desenvolvemento técnico e corporal
- 3.2. Técnica instrumental específica
- 3.3. Musicalidade e interpretación
- 3.4. Práctica de conxunto
- 3.5. Educación auditiva e cultural
- 3.6. Hábitos de estudo e aprendizaxe autónoma

4.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA

- 4.1. Principios metodolóxicos xerais
- 4.2. Principios metodolóxicos concretos

5.- CLASES COLECTIVAS

- 5.1. Obxectivos das clases colectivas
- 5.2. Dinámicas metodolóxicas
- 5.3. Exemplo de agrupacións segundo nivel
- 5.4. Función educativa e social

6.- CRITERIOS DE AVALACIÓN

- 6.1. Aspectos a avaliar
- 6.2. Procedemento de avaliación

7.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- 7.1. Escala de cualificación cualitativa
- 7.2. Criterios para a promoción

8.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ADAPTACIÓNS CURRICULARES

- 8.1. Principios xerais de atención á diversidade
- 8.2. Medidas de apoio e adaptacións
- 8.3. Funcións do profesorado e do Órgano de Coordinación Docente
- 8.4. Alumnado adulto

9.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- 9.1. Finalidades educativas
- 9.2. Tipoloxía de actividades
- 9.3. Papel do alumnado de vento-metal

10.- TEMAS TRANSVERSAIS

- 10.1. Educación en valores e convivencia
- 10.2. Igualdade e inclusión
- 10.3. Educación intercultural e respecto á diversidade
- 10.4. Educación ambiental e sustentabilidade
- 10.5. Educación para a saúde
- 10.6. Educación para a cidadanía e a participación social

11.- TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC's)

- 11.1. Uso de recursos TIC na aula
- 11.2. Difusión e proxectos dixitais da Escola
- 11.3. Función pedagóxica das TIC

12.- CONTIDOS POR NIVEL - CURSO / INSTRUMENTO

- 12.1. Nivel Básico (BA-1, BA-2, BA-3)
- 12.2. Nivel Intermedio (IN-1, IN-2, IN-3)
- 12.3. Nivel Avanzado (AV-1, AV-2, AV-3, AV-4)
- 12.4. Programación Adultos (AD-1, AD-2, AD-3)

13.- BIBLIOGRAFÍA XERAL PARA INSTRUMENTOS DE VENTO-METAL

1.- CONTEXTUALIZACIÓN

O ensino dos instrumentos de vento-metal (trompeta, trombón, trompa, bombardino e tuba) na Escola Municipal de Música de Ortigueira supón un ámbito fundamental dentro da formación musical e cultural do alumnado. Estes instrumentos conforman unha familia esencial para a práctica musical tanto individual como colectiva, presentes nas agrupacións máis representativas do noso entorno: bandas de música, grupos de cámara, orquestras, combos de jazz, agrupacións tradicionais e outras formacións instrumentais.

O desenvolvemento dunha programación didáctica específica para os instrumentos de vento-metal require ter en conta unha serie de factores pedagóxicos, musicais e sociais:

- **A función educativa da Escola Municipal de Música:** non se busca unha especialización profesional inmediata, senón ofrecer unha formación ampla, progresiva e accesible a todo tipo de alumnado, desde nenos/as en idade temperá ata persoas adultas que desexan iniciarse ou retomar estudos musicais.
- **A diversidade do alumnado:** a programación debe contemplar perfís moi distintos. Por unha banda, alumnado que accede con 7-8 anos sen coñecementos previos de música. Por outra, estudantes que chegan en idades máis avanzadas con intereses variados (participar na banda, mellorar técnica persoal, preparar probas ou simplemente gozar da música como afección).
- **O carácter comunitario:** a Escola Municipal é un servizo público do Concello, polo que os obxectivos non se limitan ao rendemento académico, senón tamén á dinamización cultural da vila, á integración social, ao fomento da participación en actividades colectivas e á posta en valor da tradición musical de Ortigueira e da comarca.
- **O papel dos instrumentos de vento-metal no ecosistema musical local:** estes instrumentos teñen unha longa tradición na comarca, especialmente ligada á banda de música, ás charangas, ás agrupacións tradicionais e ao papel socializador que a práctica musical desempeña nas festas populares e nas celebracións culturais.

A programación estrutúrase en **tres niveis de formación (básico, intermedio e avanzado)**, que se complementan cunha programación diferenciada para alumnado adulto. O obxectivo principal é garantir unha progresión coherente desde a iniciación (coñecemento básico do instrumento, postura, respiración, emisión do son) ata o dominio das técnicas interpretativas necesarias para abordar un repertorio variado, con capacidade de interpretación individual e en grupo.

Cómpre subliñar que, aínda que se establecen uns **contidos e obxectivos xerais por curso**, a programación ten un carácter **flexible e adaptativo**. Cada alumno/a progresa a un ritmo propio, polo que as secuencias deben ser entendidas como marcos de referencia, sempre adaptables en función das súas necesidades, intereses e capacidades.

Finalmente, a programación de vento-metal intégrase no **proxecto global da Escola Municipal de Música de Ortigueira**, mantendo coherencia cos principios metodolóxicos comúns do centro, coa atención á diversidade e cos obxectivos xerais de fomentar unha formación musical integral, creativa, participativa e enriquecedora para toda a comunidade.

2.- OBXECTIVOS

A ensinanza dos instrumentos de vento-metal na Escola Municipal de Música de Ortigueira ten como finalidade principal contribuír á formación integral do alumnado a través da práctica instrumental, fomentando tanto o desenvolvemento das capacidades técnicas e musicais como a adquisición de valores persoais e sociais que a música promove.

2.1. Obxectivos xerais

- a) Contribuír ao desenvolvemento persoal e artístico do alumnado, estimulando a súa creatividade, sensibilidade e capacidade de expresión.
- b) Potenciar o gusto pola música como medio de comunicación e como ferramenta de integración social e cultural.
- c) Fomentar o hábito da práctica instrumental, desenvolvendo a disciplina, o esforzo e a constancia no estudo.

- d) Promover a participación activa en agrupacións colectivas (banda, música de cámara, grupos de metais, combos, etc.), valorando o traballo en equipo e a responsabilidade compartida.
- e) Despertar no alumnado o interese pola diversidade estilística, desde a música clásica ata o jazz, a música contemporánea, a música tradicional galega e outras manifestacións culturais.
- f) Favorecer a capacidade de escoita activa, tanto individual como colectiva, como base da afinación, da interpretación expresiva e do respecto musical cara aos demais.
- g) Potenciar a autoestima e a confianza mediante a interpretación en público, adquirindo hábitos de concentración, seguridade e autocontrol.
- h) Promover unha educación en valores: igualdade de xénero, respecto intercultural, solidariedade, compromiso co medio ambiente e participación cidadá a través da música.

2.2. Obxectivos específicos da práctica instrumental

Técnicos

- ❖ Adquirir unha postura corporal adecuada que favoreza a respiración, a estabilidade e a saúde postural.
- ❖ Desenvolver unha respiración diafragmática eficaz como base do control do aire e da produción do son.
- ❖ Coñecer e aplicar progresivamente as diferentes posicións, dixitacións ou combinacións específicas de cada instrumento.
- ❖ Adquirir control sobre a embocadura, a colocación dos beizos, a presión do aire e a coordinación co instrumento.
- ❖ Desenvolver a flexibilidade labial e a resistencia progresiva necesaria para manter unha emisión do son estable en diferentes rexistros.
- ❖ Adquirir un control progresivo sobre a afinación, tanto individual como en conxunto.
- ❖ Desenvolver a capacidade de executar con claridade diferentes tipos de

articulación (ligado, picado, dobre e triplo picado, acentos, etc.).

- ❖ Traballar a técnica das escalas, arpexios e intervalos en diferentes tonalidades.
- ❖ Fomentar o dominio progresivo dos rexistros grave, medio e agudo en cada instrumento.

Musicais e interpretativos

- ✓ Adquirir unha sonoridade persoal, equilibrada, afinada e expresiva.
- ✓ Desenvolver a capacidade de interpretar obras musicais con comprensión estilística, expresividade e adecuación ao contexto histórico e estético.
- ✓ Potenciar a lectura a primeira vista e a memoria musical como ferramentas esenciais de aprendizaxe.
- ✓ Iniciar e perfeccionar a capacidade de improvisación en contextos rítmicos e melódicos adaptados a cada nivel.
- ✓ Coñecer e valorar repertorio específico dos instrumentos de vento-metal en diferentes estilos e épocas.
- ✓ Desenvolver a capacidade de adaptación sonora e expresiva en conxunto, tanto en formacións reducidas como na banda de música.

Persoais e sociais

- ✓ Favorecer o desenvolvemento da autonomía persoal na organización do estudo, adquirindo métodos de práctica eficaz.
- ✓ Potenciar a responsabilidade individual e colectiva na preparación de actuacións, concertos e audicións.
- ✓ Afianzar a capacidade de colaboración, diálogo e respecto no traballo en grupo.
- ✓ Estimular o interese pola asistencia a concertos e actividades culturais como parte da formación musical integral.
- ✓ Despertar unha conciencia crítica e reflexiva sobre o papel da música e dos músicos na sociedade actual.

3.- CONTIDOS XERAIS

Os contidos xerais da ensinanza dos instrumentos de vento-metal na Escola Municipal de Música de Ortigueira estrutúranse en bloques que responden ao desenvolvemento progresivo do alumnado, desde a iniciación ata niveis avanzados. Estes contidos pretenden abarcar tanto os aspectos técnicos e interpretativos como os musicais, expresivos e sociais.

3.1. Desenvolvemento técnico e corporal

- a) Postura corporal: adquisición dunha posición ergonómica, estable e saudable, tanto sentado coma de pé, que favoreza a respiración e evite tensións innecesarias.
- b) Respiración: control progresivo da respiración diafragmática, exercicios de control do fluxo de aire, capacidade pulmonar e resistencia.
- c) Embocadura: colocación correcta dos beizos, lingua e dentes segundo o instrumento; equilibrio entre tensión e relaxación.
- d) Producción do son: control da emisión, ataque, sostido e remate do son, buscando homoxeneidade e calidade en todos os rexistros.
- e) Flexibilidade: traballo progresivo da elasticidade labial, cambios de rexistro, intervalos ligados e articulados.
- f) Resistencia: fortalecemento progresivo da musculatura facial e respiratoria para soste-lo son durante períodos prolongados.

3.2. Técnica instrumental específica

- a) Estudo das dixitacións e posicións propias de cada instrumento.
- b) Coñecemento e manexo das bombas de afinación, vara (no trombón) ou mecanismos equivalentes.
- c) Traballo das escalas maiores e menores, modos e escalas cromáticas, progresando ata a súa execución fluída en diferentes articulacións.
- d) Estudo de arpeixos, intervalos e patróns técnicos característicos.
- e) Desenvolvemento das articulacións: ligado, picado, staccato, portato, dobre e triplo picado.

- f) Práctica dos distintos rexistros (grave, medio e agudo) con control progresivo da afinación e da calidade sonora.
- g) Traballo de dinámicas e matices: control do piano, forte, crescendo, diminuendi e outros recursos expresivos.

3.3. Musicalidade e interpretación

- a) Desenvolvemento da sensibilidade auditiva: capacidade de autoescoita e afinación con referencia interna e externa.
- b) Fraseo musical: aplicación da respiración e da articulación á construción de frases expresivas.
- c) Estudo estilístico: aproximación progresiva a diferentes estilos musicais (barroco, clásico, romántico, contemporáneo, jazz, música galega e popular).
- d) Memorización: práctica progresiva da interpretación sen partitura como ferramenta de concentración e seguridade.
- e) Lectura á primeira vista: adquisición de habilidades para interpretar textos musicais con fluidez e comprensión inmediata.
- f) Improvisación: exercicios rítmicos e melódicos adaptados ao nivel do alumnado, introducindo progresivamente elementos de creatividade.

3.4. Práctica de conxunto

- a) Integración en agrupacións de vento-metal, cámara e banda de música.
- b) Desenvolvemento da escoita activa en grupo, equilibrio dinámico e afinación conxunta.
- c) Aprendizaxe da responsabilidade compartida no traballo colectivo.
- d) Preparación para actuacións públicas: ensaios, disciplina grupal, actitude no escenario.

3.5. Educación auditiva e cultural

- a) Audicións comentadas de obras representativas para vento-metal.

- b) Coñecemento da evolución histórica dos instrumentos da familia de metais.
- c) Achegamento a intérpretes e obras de referencia no repertorio internacional e galego.
- d) Valoración da música como patrimonio cultural e como ferramenta de identidade comunitaria.

3.6. Hábitos de estudo e aprendizaxe autónoma

- a) Adquisición de métodos de estudo eficaces, planificados e adaptados á idade.
- b) Organización do tempo de práctica diaria: quecemento, técnica, repertorio, revisión.
- c) Uso progresivo de ferramentas de apoio (afinador, metrónomo, gravacións, aplicacións TIC).
- d) Reflexión crítica sobre o progreso persoal e capacidade de autoavaliación.

4.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía na ensinanza dos instrumentos de vento-metal debe ser dinámica, motivadora e flexible, respectando os ritmos de aprendizaxe individuais e fomentando o gusto pola música desde os primeiros contactos co instrumento. O obxectivo principal é formar músicos/as capaces de expresarse artisticamente, desenvolvendo tanto a súa técnica persoal como a súa integración en agrupacións colectivas.

4.1. Principios metodolóxicos xerais

Aprendizaxe progresiva e adaptada:

Cada alumno/a presenta características persoais diferentes (idade, condición física, interese, motivación). A metodoloxía debe adaptarse a esas necesidades, garantindo unha progresión gradual dos contidos.

Motivación e gozo pola aprendizaxe:

As clases deben fomentar o interese e a satisfacción polo progreso musical, incorporando repertorio atractivo e variado, actividades lúdicas e retos alcanzables.

Ensinanza integral:

A aprendizaxe instrumental non se centra unicamente na técnica, senón tamén no desenvolvemento da sensibilidade musical, a creatividade, a cultura musical e os valores persoais.

Contacto directo e personalizado co profesorado:

O seguimento individualizado garante a detección temperá de erros técnicos (embocadura, postura, respiración) e permite unha corrección inmediata.

Aprendizaxe significativa:

Os novos contidos introdúcense sempre sobre coñecementos previos, relacionando teoría e práctica, para que o alumnado entenda o que fai e non se limite a repetir mecanicamente.

Práctica reflexiva e autónoma:

Promóvese que o alumnado desenvolva estratexias de estudo propias, coidando o tempo, a organización e o control de obxectivos a curto e longo prazo.

Equilibrio entre traballo individual e colectivo:

As clases individuais céntranse na técnica e repertorio persoal, mentres que as colectivas fomentan a integración social, a afinación, a escoita activa e a disciplina compartida.

Formación artística global:

O repertorio, as audicións, os concertos e as actividades complementarias buscan que o alumnado se forme como músico e como persoa, adquirindo criterio, confianza e capacidade comunicativa.

4.2. Principios metodolóxicos concretos

Postura e ergonomía:

Instruír desde o inicio unha colocación correcta do corpo: posición sentada e de pé, equilibrio entre tensión e relaxación, colocación dos pés, brazos e mans.

Introducir exercicios de corrección postural e de consciencia corporal para previr lesións ou malos hábitos.

Respiración e control do aire:

Empregar exercicios de respiración diafragmática, control de fluxo, resistencia e capacidade pulmonar.

Integrar xogos e exercicios de sopro sen instrumento (traballo con pajitas, globos, botellas, etc.) en niveis básicos.

Embocadura e produción do son:

Explicar a función dos beizos como “caña vibrante” do instrumento, evitando excesiva tensión.

Introducir progresivamente a produción do son longo, estable e afinado antes de abordar escalas ou repertorio.

Articulación e lingua:

Traballar desde o inicio diferentes tipos de ataque: “tu”, “du”, “ta”, progresando ao dobre e triplo picado.

Relacionar o traballo da lingua coa claridade rítmica e coa expresividade do fraseo.

Flexibilidade e rexistros:

Introducir exercicios progresivos de intervalos, ligados e cambios de rexistro.

Buscar un equilibrio entre rexistros grave, medio e agudo, evitando forzar prematuramente.

Afinación e sonoridade:

Adestrar a escoita interna (oído interior) e a afinación con afinador.

Fomentar a busca dunha sonoridade persoal, redonda e homoxénea en toda a tesitura.

Lectura musical e memoria:

Potenciar a lectura á primeira vista de maneira progresiva.

Estimular a interpretación de memoria como recurso de concentración e dominio.

Improvisación e creatividade:

Introducir actividades de improvisación melódica e rítmica adaptadas a cada nivel.

Favorecer a creación de pequenas pezas propias e xogos de resposta musical (pregunta-resposta).

Práctica de conxunto:

Promover desde niveis iniciais a participación en dúos, tríos, cuartetos ou agrupacións de metais.

Reforzar hábitos de disciplina colectiva: puntualidade, atención ao director, respecto polas entradas e silencios.

Preparación para a interpretación pública:

Ensinar estratexias de control da ansiedade escénica (relaxación, respiración, concentración).

Crear rutinas de preparación antes das audicións ou concertos (saúdo, actitude, silencio inicial e final).

5.- CLASES COLECTIVAS

As clases colectivas constitúen un pilar esencial na aprendizaxe dos instrumentos de vento-metal, xa que complementan o traballo individual cunha dimensión social e musical imprescindible. A través delas, o alumnado ten a oportunidade de aplicar os coñecementos técnicos e interpretativos adquiridos na clase individual dentro dun contexto real de conxunto, aprendendo a escoitar, adaptarse e cooperar cos seus compañeiros/as.

Na Escola Municipal de Música de Ortigueira, estas clases colectivas poden materializarse de dúas formas principais:

1. **Grupos de cámara formados por alumnado de metais** (dúos, tríos, cuartetos, quintetos ou agrupacións de maior tamaño).
2. **Participación na materia de Conxunto da ESMU**, que se organiza de acordo co nivel do alumnado (básico, intermedio, avanzado ou adultos) e que integra a práctica de banda de música, agrupacións mixtas ou proxectos específicos.

5.1. Obxectivos das clases colectivas

- a) Desenvolver a capacidade de escoita activa e de afinación en grupo.

- b) Aprender a equilibrar dinámica, timbre e articulación no marco dunha formación instrumental.
- c) Fomentar o sentido da responsabilidade compartida, a puntualidade e a disciplina grupal.
- d) Mellorar a comprensión do rol de cada instrumento de metais dentro dun conxunto (función harmónica, melódica, rítmica).
- e) Adquirir hábitos de interpretación en público con seguridade e confianza.
- f) Estimular a convivencia, a cohesión social e o espírito de colaboración entre o alumnado.
- g) Potenciar a motivación mediante a preparación de repertorio atractivo e adaptado a cada nivel.

5.2. Dinámicas metodolóxicas

- **Ensaio regular:** traballo conxunto de pezas adaptadas ao nivel, facendo especial fincapé na afinación, no equilibrio sonoro e no respecto ás indicacións de director/a.
- **Rotación de roles:** o alumnado pode experimentar diferentes funcións (primeira voz, acompañamento, baixo harmónico), favorecendo unha comprensión máis ampla da música.
- **Traballo por seccións:** sesións específicas de trompetas, trompas, trombóns, bombardinos e tubas, antes da integración co resto da agrupación.
- **Repertorio variado:** desde obras sinxelas para nivel básico ata arranxos complexos ou obras orixinais de cámara para metais en niveis avanzados.
- **Actividades lúdicas e creativas:** xogos musicais de pregunta-resposta, pequenas improvisacións colectivas, dinámicas de audición comparada.

5.3. Exemplo de agrupacións segundo nivel

- **Nivel básico:** dúos e tríos sinxelos, pezas con acompañamento harmónico reducido, integración inicial na materia de Conxunto.
- **Nivel intermedio:** cuartetos, quintetos e repertorio adaptado de diferentes estilos; maior presenza na banda xuvenil ou agrupacións mixtas da escola.
- **Nivel avanzado:** participación en grupos de cámara estables (quinteto de metais, cuarteto de trompas, ensemble de tubas e bombardinos) e integración plena na banda municipal da escola.
- **Adultos:** repertorio adaptado ás súas necesidades e intereses, con especial atención ao aspecto social e á motivación persoal; participación en proxectos colectivos que reforcen a súa integración no tecido cultural da vila.

5.4. Función educativa e social

As clases colectivas van máis aló da aprendizaxe musical: fomentan valores de convivencia, cooperación e respecto mutuo. A experiencia compartida nos ensaios e actuacións públicas contribúe a que o alumnado:

- Se sinta parte dunha comunidade musical.
- Valore a importancia da súa achega individual dentro dun proxecto colectivo.
- Experimente a satisfacción de participar en concertos, audicións e actividades culturais organizadas pola Escola Municipal de Música de Ortigueira.

6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación na Escola Municipal de Música de Ortigueira debe entenderse como un seguimento continuo e formativo do alumnado, orientado a mellorar a súa aprendizaxe e a motivación, máis que a establecer unha cualificación numérica.

A avaliación terá un carácter global, continuo e cualitativo, e valorará tanto os progresos musicais como os aspectos educativos, sociais e de actitude.

6.1. Aspectos a avaliar

- Ámbito musical/técnico:
- Postura e técnica instrumental.
- Control da respiración, embocadura e emisión do son.
- Afinación e calidade sonora.
- Lectura musical e comprensión rítmica.
- Memorización e precisión interpretativa.
- Progreso técnico ao longo do curso.
- Expresión musical e interpretación en público.
- Ámbito actitude e aprendizaxe:
- Asistencia e puntualidade.
- Interese e participación activa.
- Preparación das clases (material, estudo na casa).
- Estudo autónomo e responsabilidade persoal.
- Aportación ao grupo e respecto polo entorno da aula.
- Integración en agrupacións colectivas (conxunto, banda, grupos de cámara).

6.2. Procedemento de avaliación

O profesorado realizará un seguimento continuo en cada clase.

Emitirase un Informe Individual de Seguimento por cada alumno/a ao final de cada trimestre, segundo o modelo oficial da escola.

O profesorado de instrumento, linguaxe musical e conxunto enviará por correo

electrónico o informe ás familias (ou ao alumnado adulto).

Solicitarase unha sesión mínima de orientación e tutoría por trimestre, presencial ou telemática, para comentar os avances e propoñer estratexias de mellora.

Ao final do curso elaborárase unha Acta de Avaliación Final, segundo o modelo oficial, recollendo a promoción de nivel ou a permanencia no mesmo.

Informe de Seguimento e Avaliación Final

Profesor/a:	
Alumno/a:	
NIVEL: ☐ Básico 1 (BA-1) ☐ Básico 2 (BA-2) ☐ Básico 3 (BA-3) ☐ Intermedio 1 (IN-1) ☐ Intermedio 2 (IN-2) ☐ Intermedio 3 (IN-3) ☐ Avanzado 1 (AV-1) ☐ Avanzado 2 (AV-2) ☐ Avanzado 3 (AV-3) ☐ Avanzado 4 (AV-4) ☐ Adulto 1 (AD-1) ☐ Adulto 2 (AD-2) ☐ Adulto 3 (AD-3)	

Ámbito Musical / Técnico

Postura e técnica instrumental	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Afinación calidade do son	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto

Lectura musical (partitura/tabulado)	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Ritmo e métrica	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Memorización precisión interpretativa	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Progreso técnico ao longo do curso	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Expresión musical e interpretación	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto

Ámbito Actitude e Aprendizaxe

Asistencia e puntualidade	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Interese e participación activa	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Traer o material	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Estudo autónomo	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Aportación ao grupo e respecto polo entorno da aula	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto
Acada os Obxectivos Educativos	☐ Excelente ☐ Ben ☐ Apto ☐ Apto con mellora pendente ☐ Necesita mellorar ☐ Non apto

7.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación non terá carácter numérico, senón **cualitativo**, seguindo o establecido nos modelos oficiais da Escola.

7.1. Escala de cualificación cualitativa

- **Excelente** – Supera amplamente os obxectivos. Actitude exemplar.
- **Ben** – Cumpre axeitadamente os obxectivos. Participación activa e responsable.
- **Apto** – Cumpre os mínimos establecidos. Evolución positiva.
- **Apto con mellora pendente** – Cumpre o mínimo, pero con aspectos mellorables.
- **Necesita mellorar** – Non alcanza os obxectivos con claridade.
- **Non apto** – Non se observou progreso significativo nin actitude adecuada.

7.2. Criterios para a promoción

Segundo o artigo 18 do Regulamento de Organización da Escola de Música:

- O profesorado de cada materia determinará a promoción en base á progresión e resultados da avaliación continua.
- O Órgano de Coordinación Docente revisará os criterios de avaliación e a coherencia dos informes.
- O alumnado ou as familias poderán presentar reclamación ante a dirección no prazo de cinco días naturais desde a comunicación da avaliación final.

8.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ADAPTACIÓNS CURRICULARES

A Escola Municipal de Música de Ortigueira, de acordo co artigo 2 do seu Regulamento, ten como obxectivo ofrecer unha formación ampla e diversa, sen limitación de idade e atendendo ás necesidades de todo o alumnado. Por este

motivo, a atención á diversidade é un principio básico da programación.

8.1. Principios xerais de atención á diversidade

Accesibilidade universal: todas as persoas teñen dereito a recibir formación musical, independentemente da súa idade, condicións persoais ou historia educativa.

Flexibilidade: os obxectivos e contidos dos niveis (básico, intermedio, avanzado e adultos) son orientativos e poden ser adaptados ao ritmo e interese de cada alumno/a.

Individualización: cada alumno/a progresa segundo as súas capacidades. O profesor/a establece itinerarios persoalizados que teñen en conta o punto de partida, a motivación e os recursos dispoñibles.

Integración en grupo: foméntase que o alumnado, mesmo con ritmos diferentes, participe nas clases colectivas, para favorecer a convivencia e a aprendizaxe compartida.

Orientación continua: a avaliación e o seguimento individual son ferramentas para detectar necesidades e propoñer medidas de mellora.

8.2. Medidas de apoio e adaptacións

Ritmo de aprendizaxe: posibilidade de permanecer máis dun curso nun mesmo nivel cando sexa preciso consolidar contidos.

Adaptacións metodolóxicas: uso de repertorio simplificado, exercicios técnicos graduados, acompañamentos reducidos ou cambios de tonalidade.

Adaptacións organizativas: horarios flexibles en casos xustificadas (compatibilidade con estudos, traballo ou outras actividades).

Adaptacións instrumentais: utilización de boquillas especiais, soportes ou instrumentos adaptados cando sexa necesario.

Atención a alumnado con necesidades educativas especiais (NEE): integración en grupos cun máximo dun alumno/a con NEE por aula colectiva, segundo o artigo 4 do Regulamento.

Seguimento personalizado: informe individual por trimestre e sesión mínima de tutoría coas familias ou co alumnado adulto.

8.3. Funcións do profesorado e do Órgano de Coordinación Docente

O profesorado (artigo 6.1 do Regulamento):

- Informará regularmente da marcha do alumno/a, mantendo reunións informativas coas familias.
- Adaptará a súa programación para atender ás necesidades individuais.
- Coordinarase co resto do profesorado para garantir coherencia nas medidas adoptadas.

O Órgano de Coordinación Docente (artigo 8 do Regulamento):

- Fixará criterios comúns de avaliación e promoción tendo en conta a diversidade do alumnado.
- Coordinará as funcións de orientación e tutoría.
- Propoñerá medidas de mellora e adaptación cando se detecten necesidades específicas.

8.4. Alumnado adulto

No caso do alumnado adulto, a atención á diversidade é especialmente relevante:

- Os obxectivos priorizan a motivación, a práctica musical e a integración social.
- A avaliación céntrase na evolución persoal e na participación, máis que na adquisición de contidos académicos.
- Os contidos adáptanse ao tempo dispoñible, aos intereses musicais (banda, música tradicional, repertorio clásico, etc.) e ás características individuais.

9.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares constitúen un elemento fundamental na formación do alumnado de vento-metal. Teñen unha dobre función: pedagóxica, ao reforzar os contidos traballados nas aulas, e sociocultural, ao proxectar a actividade da Escola Municipal de Música de Ortigueira na comunidade.

Estas actividades están recollidas cada curso no Plan Anual de Actividades, aprobado polo Órgano de Coordinación Docente e consensuado co equipo directivo, garantindo a súa coherencia co Proxecto Educativo da Escola.

9.1. Finalidades educativas

- ❖ Complementar a aprendizaxe técnica e musical co contacto real coa escena.

- ❖ Favorecer a motivación do alumnado mediante experiencias compartidas.
- ❖ Fomentar a participación activa do alumnado en concertos, intercambios e eventos sociais.
- ❖ Achegar a música á comunidade, contribuíndo á dinamización cultural do concello.
- ❖ Promover valores de convivencia, respecto, traballo en equipo e compromiso social.

9.2. Tipoloxía de actividades

- ❖ Audicións de alumnado: pequenas actuacións de aula ou de conxunto, que permiten mostrar os avances progresivos e familiarizarse coa interpretación en público.
- ❖ Concertos colectivos: participación en eventos organizados pola Escola (Concerto de Nadal, Concerto de Fin de Curso, etc.), onde o alumnado de metais intervén en formacións camerísticas, agrupacións de conxunto ou a banda da Escola.
- ❖ Ciclos e programas culturais: participación en iniciativas municipais como o ciclo “Música en familia”, concertos nos Centros Sociais ou concertos didácticos en centros escolares.
- ❖ Intercambios culturais: colaboración con outras escolas de música ou agrupacións, favorecendo o coñecemento de diferentes realidades musicais e o enriquecemento mutuo.
- ❖ Proxectos de dinamización sociocultural: actividades ligadas ao Plan Estratéxico da Escola, como obradoiros en parroquias, a Andaina Musical,

vídeos de promoción turística-musical ou a participación na Saída de Bandas.

- ❖ Obradoiros específicos: experiencias complementarias de carácter práctico (pandeireta, música tradicional, improvisación, dirección, etc.), abertas tanto ao alumnado da Escola como á comunidade.
- ❖ Propostas dixitais: mantemento de contidos en liña (ESMU TV, canle de YouTube, podcast) para ampliar o impacto da actividade escolar máis aló do espazo físico da aula.

9.3. Papel do alumnado de vento-metal

Os instrumentos de metais teñen un papel protagonista nestas actividades, tanto por si mesmos (grupos de cámara de metais, ensemble de trompetas, cuartetos ou quintetos de metais, ensemble de tubas e bombardinos) como integrados nas agrupacións xerais da Escola (Conxunto, Banda, proxectos interdisciplinares).

A súa participación reforza:

- A capacidade de adaptación a diferentes estilos e contextos.
- A aprendizaxe da responsabilidade individual no marco dun proxecto colectivo.
- O desenvolvemento da escoita, a afinación e a cohesión sonora en grupo.
- O vínculo do alumnado coa comunidade e co patrimonio cultural local.

10.- TEMAS TRANSVERSAIS

A educación musical non pode limitarse á adquisición de habilidades técnicas ou interpretativas, senón que debe integrar valores e competencias que contribúan ao desenvolvemento persoal, social e cidadán do alumnado. Os chamados temas transversais introdúcense de forma natural nas clases individuais, colectivas e nas actividades complementarias, para formar persoas críticas, responsables e comprometidas coa sociedade.

10.1. Educación en valores e convivencia

- Promoción do respecto, da cooperación e da solidariedade dentro do grupo de aprendizaxe.
- Impulso do diálogo e da resolución pacífica de conflitos, en coherencia co Plan de Convivencia da Escola.
- Fomento do sentido de pertenza á comunidade educativa da Escola, como espazo de encontro interxeracional e intercultural.

10.2. Igualdade e inclusión

- Igualdade de xénero en todas as actividades musicais, evitando estereotipos na elección de instrumentos ou repertorio.
- Inclusión de alumnado con diversidade funcional ou necesidades educativas específicas, a través de adaptacións metodolóxicas e organizativas.
- Sensibilización sobre a importancia da accesibilidade, tanto física (espazos) como pedagóxica (materiais, repertorio, metodoloxía).

10.3. Educación intercultural e respecto á diversidade

- Posta en valor do patrimonio musical galego (música tradicional, repertorio popular, compositores galegos).
- Apertura á diversidade cultural, traballando repertorio doutros países e estilos musicais.
- Reflexión sobre a música como linguaxe universal que une persoas máis alá das fronteiras e diferenzas culturais.

10.4. Educación ambiental e sustentabilidade

- Promoción do respecto polo medio ambiente nas actividades musicais (saídas culturais, Andaina Musical, concertos en espazos naturais).
- Concienciación sobre o consumo responsable (materiais, transporte, coidado dos instrumentos).
- Valorar o silencio e a escoita da natureza como experiencias sonoras e musicais.

10.5. Educación para a saúde

- Coidado da postura corporal e hixiene postural, evitando lesións derivadas da práctica instrumental.
- Control da respiración e da ansiedade escénica mediante técnicas de relaxación e concentración.
- Sensibilización sobre hábitos de vida saudables: descanso, exercicio físico, coidado da voz e prevención de riscos auditivos.

10.6. Educación para a cidadanía e a participación social

- Implicación do alumnado en proxectos musicais comunitarios (concertos en centros sociais, colexios, asociacións culturais).
- Desenvolvemento da responsabilidade individual e colectiva na preparación das actuacións públicas.
- Reflexión sobre o papel do músico como axente cultural que contribúe á cohesión e dinamización social.

11.- TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC's)

As Tecnoloxías da Información e da Comunicación forman parte esencial do proceso de ensino-aprendizaxe na Escola Municipal de Música de Ortigueira, tanto como recurso didáctico en clase como canle de difusión e comunicación co alumnado e coa comunidade.

O seu uso responde a dúas finalidades principais:

Didáctica, facilitando a aprendizaxe, a autoavaliación e a motivación do alumnado.

Comunicativa e cultural, difundindo o traballo da Escola e promovendo a súa participación na vida cultural do Concello.

11.1. Uso de recursos TIC na aula

Pantalla dixital: empregada para explicacións teóricas, audicións comentadas,

visualización de partituras e exercicios interactivos.

Reproducción de audios “play-along”: acompañamentos musicais que permiten ao alumnado practicar con bases rítmicas e harmónicas, mellorando a afinación, o ritmo e a musicalidade.

Gravación de audicións individuais: cada alumno/a ten a posibilidade de gravar a súa interpretación para realizar un exercicio de autoavaliación, fomentando a reflexión crítica sobre a súa execución e progreso.

Aplicacións móbiles e software musical: uso de metrónomos, afinadores, programas de edición de partituras e aplicacións educativas que reforzan a aprendizaxe autónoma.

11.2. Difusión e proxectos dixitais da Escola

Canle oficial de YouTube da ESMU: nel publícanse audicións de grupos, concertos e proxectos especiais, servindo de escaparate do traballo do alumnado e do profesorado.

Radio online e podcast: a Escola mantén un proxecto estable de radio e podcast, accesible en plataformas como Spotify e iVoox, que permite difundir contidos musicais e entrevistas, e reforza a dimensión comunicativa da música.

Web oficial (www.ortigueiramusica.com): espazo de referencia para a comunidade educativa, onde se publican novas, artigos, vídeos e materiais didácticos, así como información sobre actividades e matrícula.

ESMU TV – Ortigueira Música Televisión: proxecto dixital da Escola para recoller e difundir a súa actividade, ofrecendo contidos en formato audiovisual.

11.3. Función pedagóxica das TIC

- Facilitan a aprendizaxe autónoma e a práctica persoal fóra da aula.
- Melloran a motivación do alumnado, ao integrar recursos próximos ao seu contexto dixital.
- Ofrecen ferramentas de autoavaliación e reflexión crítica.
- Permiten unha maior visibilidade do traballo realizado, favorecendo a autoestima e a proxección social do alumnado.
- Contribúen á conservación e difusión do patrimonio musical local a través da súa publicación en soportes dixitais.

12.- CONTIDOS POR NIVEL - CURSO / INSTRUMENTO

12.1. NIVEL BÁSICO (BA-1, BA-2, BA-3)

(Equivalencia aproximada: Grao Elemental 1º e 2º de Conservatorio)

Este nivel abrangue tres cursos e ten como finalidade a **iniciación progresiva ao instrumento**, adquirindo unha base sólida de respiración, embocadura, sonoridade e lectura musical.

12.1.1. Trompeta

- **Postura e respiración:** aprendizaxe da postura correcta sentado e de pé; respiración diafragmática básica; control do aire en exercicios sostidos.
- **Embocadura e emisión:** produción dos primeiros sons estables; traballo con boquilla; notas longas en rexistro medio.

- **Dixitación:** coñecemento progresivo das posicións correspondentes ás notas naturais; exercicios de coordinación aire-embocadura-dedos.
- **Rexistro:** consolidación do rexistro medio, iniciación ao grave e primeiros sons agudos sen forzar.
- **Articulación:** introdución do picado simple (“tu”), traballo ligado, alternancia de articulacións.
- **Escalas e patróns:** escalas maiores en Do, Sol e Fa; pequenas células rítmicas; exercicios de tres e catro notas.
- **Repertorio:** pequenas melodías populares, cancións sinxelas, pezas para dúo de trompetas.
- **Interpretación:** participación en audicións de aula e primeiras experiencias en conxunto.

12.1.2. Trombón

- **Postura e respiración:** posición ergonómica co instrumento; exercicios de aire e sostido.
- **Embocadura e emisión:** sons longos con homoxeneidade; traballo con boquilla; vibración do beizo libre.
- **Posicións da vara:** aprendizaxe das 7 posicións básicas; coordinación aire-embocadura-vara.
- **Rexistro:** iniciación ao rexistro medio-grave; primeiras notas do rexistro agudo.
- **Articulación:** traballo do ataque simple, ligado e articulación en pasaxes sinxelos.
- **Escalas e patróns:** escalas maiores en Do, Fa e Sib; intervalos de segunda e terceira.
- **Repertorio:** melodías sinxelas, exercicios de dúo con outro trombón ou co profesor.
- **Interpretación:** integración en pequenas agrupacións (dúos, tríos, iniciación á banda).

12.1.3. Trompa

- **Postura e respiración:** colocación correcta da trompa e da man na campá; respiración sostida.

- **Embocadura e emisión:** vibración natural dos beizos, produción dos primeiros harmónicos.
- **Dixitación:** uso progresivo das válvulas; coordinación aire-válvulas.
- **Rexistro:** consolidación do rexistro medio; exploración inicial do grave e agudo.
- **Articulación:** ligado e picado simple; traballo con exercicios breves de articulación combinada.
- **Escalas e patróns:** escalas maiores en Do, Sol e Fa; pequenas series de notas dos harmónicos naturais.
- **Repertorio:** melodías populares e sinxelas para trompa, arranxos adaptados.
- **Interpretación:** participación en dúos e pequenas formacións; integración temperá no conxunto.

12.1.4. Bombardino

- **Postura e respiración:** sostén correcto do instrumento, atención á estabilidade; respiración controlada.
- **Embocadura e emisión:** produción estable do son, traballo con boquilla; notas longas en rexistro medio.
- **Dixitación:** aprendizaxe das combinacións de válvulas; coordinación aire-válvulas.
- **Rexistro:** consolidación do rexistro grave e medio; primeiros sons agudos.
- **Articulación:** introdución ao picado simple e ao ligado.
- **Escalas e patróns:** escalas maiores en Do, Fa e Sib; exercicios de intervalos.
- **Repertorio:** pequenas melodías con acompañamento harmónico; dúos con outros metais graves.
- **Interpretación:** integración inicial na banda de nivel básico; traballo en conxunto de metais.

12.1.5. Tuba

- **Postura e respiración:** atención á postura polo tamaño do instrumento; respiración profunda e sostida.
- **Embocadura e emisión:** produción de notas graves estables; traballo con boquilla.

- **Dixitación:** aprendizaxe das combinacións de válvulas e coordinación co fluxo de aire.
- **Rexistro:** traballo do rexistro grave como base; consolidación do rexistro medio.
- **Articulación:** picado simple, traballo ligado, pequenas células rítmicas.
- **Escalas e patróns:** escalas maiores en Do e Fa; exercicios sinxelos de segunda e terceira.
- **Repertorio:** pezas adaptadas para tuba de iniciación; acompañamentos melódicos en grupo.
- **Interpretación:** integración progresiva en conxunto de metais e na banda de nivel básico.

12.2. NIVEL INTERMEDIO (IN-1, IN-2, IN-3)

(Equivalencia aproximada: Grao Elemental 3º e 4º de Conservatorio)

Este nivel abrangue tres cursos e ten como obxectivo consolidar os fundamentos técnicos adquiridos no nivel básico, ampliar o rexistro, traballar novas articulacións e introducir repertorio máis elaborado, coa integración plena na **Banda da Escola** e en agrupacións de cámara.

12.2.1. Trompeta

- **Postura e respiración:** perfeccionamento da postura e control da respiración diafragmática; traballo de sostido e control dinámico.
- **Embocadura e emisión:** consolidación da resistencia; traballo da homoxeneidade sonora en todos os rexistros.
- **Dixitación:** dominio fluído das combinacións; introdución de pasaxes técnicos con cambio rápido de válvulas.
- **Rexistro:** ampliación cara ao agudo controlado e o grave con son homoxéneo.
- **Articulación:** dobre picado e iniciación ao triplo picado; traballo de staccato, portato e acentos.
- **Escalas e patróns:** escalas maiores ata 2 sostidos e 2 bemoles; iniciación ás escalas menores; exercicios cromáticos.

- **Repertorio:** pezas de grao intermedio, arranxos de obras clásicas e populares; participación en grupos de metais.
- **Interpretación:** integración activa na banda de nivel intermedio; desenvolvemento da interpretación en público con seguridade.

12.2.2. Trombón

- **Postura e respiración:** perfeccionamento do sostén do instrumento; traballo de respiración sostida e controlada.
- **Embocadura e emisión:** consolidación da vibración labial estable; mellora da calidade sonora.
- **Posicións da vara:** dominio fluído das sete posicións, velocidade e coordinación.
- **Rexistro:** ampliación do rexistro agudo e grave con afinación controlada.
- **Articulación:** dominio do ligado con vara; dobre picado; articulación combinada en estudos progresivos.
- **Escalas e patróns:** escalas maiores ata 2 sostidos e 2 bemoles; iniciación ás escalas menores; intervalos ata a quinta.
- **Repertorio:** estudos de nivel intermedio, arranxos de música clásica e tradicional; dúos, tríos e cuartetos de trombóns.
- **Interpretación:** participación activa en agrupacións de cámara e na banda da Escola.

12.2.3. Trompa

- **Postura e respiración:** consolidación da técnica respiratoria; traballo de estabilidade na postura.
- **Embocadura e emisión:** homoxeneidade dos harmónicos naturais; resistencia progresiva.
- **Dixitación:** dominio fluído das válvulas en combinación con cambios de rexistro.
- **Rexistro:** ampliación progresiva do rexistro agudo e grave.
- **Articulación:** traballo do ligado e picado máis elaborado; dobre picado inicial.
- **Escalas e patróns:** escalas maiores ata 2 sostidos e 2 bemoles; exercicios cromáticos e intervalos ata a quinta.

- **Repertorio:** pezas intermedias para trompa; arranxos de música de cámara e participación en cuartetos de trompa.
- **Interpretación:** integración plena na banda; desenvolvemento da afinación colectiva.

12.2.4. Bombardino

- **Postura e respiración:** consolidación da postura co instrumento; traballo de aire amplo para rexistro grave.
- **Embocadura e emisión:** mellora da calidade sonora; resistencia en rexistro medio e agudo.
- **Dixitación:** dominio das combinacións rápidas de válvulas; traballo técnico con patróns de dificultade progresiva.
- **Rexistro:** ampliación do rexistro agudo; consolidación do grave.
- **Articulación:** traballo do picado rápido; iniciación ao dobre picado.
- **Escalas e patróns:** escalas maiores ata 3 sostidos e 3 bemoles; iniciación ás menores; arpexios ata a quinta.
- **Repertorio:** estudos intermedios, obras sinxelas orixinais para bombardino, arranxos de música popular.
- **Interpretación:** integración en grupos de metais graves e na banda intermedia.

12.2.5. Tuba

- **Postura e respiración:** perfeccionamento da postura ergonómica e traballo de aire profundo.
- **Embocadura e emisión:** consolidación da vibración labial en rexistro grave e medio.
- **Dixitación:** dominio das válvulas en exercicios técnicos sinxelos e progresivos.
- **Rexistro:** ampliación do rexistro medio; traballo gradual do agudo sen tensión.
- **Articulación:** picado simple fluído, articulación combinada, ligado en rexistro grave.
- **Escalas e patróns:** escalas maiores ata 2 sostidos e 2 bemoles; iniciación á escala cromática.

- **Repertorio:** pezas sinxelas orixinais e arranxos para tuba; exercicios de acompañamento en grupos.
- **Interpretación:** integración en agrupacións graves e banda intermedia, reforzando o papel harmónico.

12.3. NIVEL AVANZADO (AV-1, AV-2, AV-3, AV-4)

(Equivalencia aproximada: Grao Profesional de Conservatorio)

Este nivel abrangue catro cursos e supón a consolidación da técnica instrumental, a expansión completa do repertorio e o desenvolvemento da autonomía artística do alumnado. O obxectivo é formar intérpretes capaces de participar en agrupacións con nivel avanzado, con capacidade expresiva, criterio estilístico e preparación para escenarios públicos.

12.3.1. Trompeta

- **Técnica:**
 - Dominio da respiración diafragmática avanzada.
 - Control total da embocadura en rexistros grave, medio e agudo.
 - Flexibilidade labial: intervalos amplos, ligados ascendentes e descendentes.
 - Articulación: dobre e triplo picado a diferentes velocidades.
- **Escalas e patróns:**
 - Escalas maiores e menores en todas as tonalidades.
 - Escalas cromáticas en tres oitavas.
 - Modos gregorianos e modernos (dórico, mixolidio, etc.).
 - Arpexios e exercicios de intervalos ata a 12ª.
- **Repertorio:**
 - Estudos clásicos (Arban, Clarke, Charlier).
 - Concertos de dificultade media-alta (Haydn, Hummel).
 - Repertorio de cámara e banda de grao avanzado.
- **Interpretación:**

- Participación activa en solistas e concertos colectivos.
- Improvisación en estilos populares e jazz.
- Preparación de recitais individuais.

12.3.2. Trombón

- **Técnica:**
 - Control completo das posicións da vara, con velocidade e precisión.
 - Flexibilidade: ligaduras de oitava e décima, intervalos amplos.
 - Articulación: dominio do dobre picado e articulación combinada.
 - Traballo da coulisse en pasaxes de virtuosismo.
- **Escalas e patróns:**
 - Escalas maiores, menores e cromática en todo o rexistro.
 - Escalas hexatónicas, de tons enteiros e modais.
 - Exercicios de glissandi controlados.
- **Repertorio:**
 - Estudos de F. David, Rochut, Bordogni.
 - Concertos de trombón (G. Wagenseil, F. David).
 - Obras contemporáneas con técnicas estendidas.
- **Interpretación:**
 - Integración en ensembles de metais e música de cámara.
 - Papel solista en obras de banda e orquestra.
 - Improvisación en estilos modernos.

12.3.3. Trompa

- **Técnica:**
 - Dominio do rexistro completo, desde o grave ata o agudo extremo.
 - Flexibilidade: cambios de rexistro amplos e rápidos.
 - Articulación: picado múltiple, acentos e staccato controlado.
 - Técnica de stopped horn (trompa tapada).
- **Escalas e patróns:**
 - Escalas maiores e menores en todas as tonalidades.
 - Arpexios amplos e progresións harmónicas complexas.

- Escalas cromáticas en tres oitavas.
- **Repertorio:**
 - Concertos de Mozart, Strauss, Saint-Saëns.
 - Estudos de Kopprasch e Gallay.
 - Obras de cámara para cuarteto de trompas.
- **Interpretación:**
 - Participación en ensembles avanzados.
 - Papel solista en concerto.
 - Experiencia en música contemporánea con efectos especiais.

12.3.4. Bombardino

- **Técnica:**
 - Control avanzado da respiración e emisión.
 - Rexistro completo con homoxeneidade sonora.
 - Flexibilidade en intervalos amplos.
 - Dominio do dobre picado.
- **Escalas e patróns:**
 - Escalas maiores, menores e cromática en tres oitavas.
 - Escalas modais, hexatónicas e de tons enteiros.
 - Arpexios ata a 12ª.
- **Repertorio:**
 - Estudos de Bordogni e Arban adaptados ao bombardino.
 - Concertos de Simone Mantia, Horovitz.
 - Obras contemporáneas e arranxos de dificultade elevada.
- **Interpretación:**
 - Papel destacado na banda como solista.
 - Música de cámara para metais graves.
 - Improvisación en estilos modernos.

12.3.5. Tuba

- **Técnica:**
 - Desenvolvemento completo do rexistro grave, medio e agudo.

- Control da afinación en pasaxes graves de longa duración.
- Flexibilidade labial en rexistros extremos.
- Dominio da articulación rápida e do dobre picado.
- **Escalas e patróns:**
 - Escalas maiores, menores, modais e cromáticas.
 - Exercicios de intervalos amplos ata dúas oitavas.
 - Escalas simétricas e especiais (tons enteiros, hexatónicas).
- **Repertorio:**
 - Estudos avanzados de Blazhevich, Kopprasch.
 - Concertos de Vaughan Williams, Gregson.
 - Obras modernas con técnicas estendidas.
- **Interpretación:**
 - Papel fundamental na base harmónica da banda.
 - Actuación en ensembles de tubas e bombardinos.
 - Posibilidade de repertorio solista en audicións avanzadas.

12.4. PROGRAMACIÓN ADULTOS (AD-1, AD-2, AD-3)

(Enfoque flexible, adaptado a intereses e tempos dispoñibles)

A modalidade de adultos da Escola Municipal de Música de Ortigueira está pensada para persoas maiores de 16 anos que se achegan á práctica instrumental cunha motivación persoal, social ou cultural. Os seus obxectivos non están centrados nunha progresión académica estrita, senón en fomentar o pracer de tocar, a integración en actividades colectivas e a participación na vida musical da comunidade.

12.4.1. Características xerais da modalidade adulto

- **Flexibilidade:** os contidos e repertorio adáptanse ás necesidades, intereses e dispoñibilidade de tempo do alumnado.
- **Motivación:** priman as actividades que reforzan a ilusión por aprender e compartir a música.

- **Dimensión social:** faise especial fincapé na integración en agrupacións (coro, banda, combos, conxunto de metais).
- **Adaptación técnica:** o profesorado adapta o repertorio segundo as condicións físicas (capacidade pulmonar, resistencia, ergonomía).
- **Participación comunitaria:** estímase a intervención en concertos locais, obradoiros e actividades do Plan Anual de Actividades.

12.4.2. Contidos por niveis

AD-1 (Inicial)

- Aprendizaxe básica da postura, respiración e embocadura.
- Primeiras notas longas e exercicios de son en rexistro medio.
- Introducción á dixitación ou posicións básicas do instrumento.
- Pequenas melodías populares, cancións coñecidas e exercicios adaptados.
- Participación en exercicios de dúo e pequenas agrupacións.

AD-2 (Intermedio)

- Consolidación da respiración diafragmática.
- Desenvolvemento da flexibilidade e articulación básica (ligado, picado).
- Escalas maiores en dúas ou tres tonalidades frecuentes (Do, Fa, Sib, Sol).
- Repertorio adaptado: arranxos de pezas tradicionais, bandas sonoras, música popular.
- Participación activa en agrupacións de adultos (coro, conxunto de metais, banda).

AD-3 (Avanzado)

- Traballo técnico máis elaborado: extensión de rexistro e articulación dobre.
- Escalas maiores e menores frecuentes, arpexios sinxelos.
- Repertorio máis complexo: obras orixinais para metais ou arranxos de nivel intermedio.
- Práctica en grupos de cámara de metais e combos.
- Preparación de pequenas intervencións solistas en audicións de adultos.

12.4.3. Repertorio orientativo para adultos

- Pezas tradicionais galegas adaptadas (alalás, pasodobres, muiñeiras).
- Cancións populares internacionais e arranxos de música lixeira.
- Fragmentos de bandas sonoras e pezas coñecidas.
- Repertorio clásico sinxelo adaptado.
- Obras colectivas que reforcen o papel social e comunitario da Escola.

12.4.4. Enfoque interpretativo

- Priorízase a participación en grupo sobre a dificultade individual.
- As audicións e concertos serven como espazo de convivencia e motivación.
- O obxectivo fundamental é que cada persoa se sinta parte activa da comunidade musical de Ortigueira, independentemente da súa idade ou nivel técnico.

13.- Bibliografía Xeral para Instrumentos de Vento-Metal

Recursos Didácticos Principais - Alumnado Curso 2025-2026:

NIVEL	INSTRUMENTO	RECURSOS
BA-2	TROMBÓN	Escuchar, Leer y Tocar (Vol. 1. Ed. De Haske) Brasseando (C. Diéguez)
IN-2	TROMBÓN	Escuchar, Leer y Tocar (Vol. 1. Ed. De Haske) Trombón Brass School 1 (Ed. Algar)
AD-1	TROMPETA	Escuchar, Leer y Tocar (Vol. 1. Ed. De Haske) Trompeta Brass School 1 (Ed. Algar)

Métodos e Estudos:

- **Trompeta:**

- Arban, Jean-Baptiste. *Complete Conservatory Method for Trumpet*.
- Clarke, Herbert L. *Technical Studies for the Cornet*.
- Stamp, James. *Warm-Ups and Studies*.
- Colin, Charles. *Advanced Lip Flexibilities*.

- **Trompa:**

- Farkas, Philip. *The Art of French Horn Playing*.
- Kopprasch, Georg. *60 Etudes for Horn*.
- Gallay, Jacques. *Etudes for French Horn*.

- **Trombón:**

- Bordogni, Marco. *Melodious Etudes for Trombone*.
- Blazhevich, Vladislav. *Clef Studies for Trombone*.
- Rochut, Joannes. *Melodious Etudes for Trombone*.

Bombardino e Tuba:

- Arban, Jean-Baptiste. *Complete Method for Tuba*.
- Blazhevich, Vladislav. *Studies for Tuba*.
- Bordogni, Marco. *Melodious Etudes for Trombone Adapted for Tuba*.

Exercícios e Prática:

- Concone, Giuseppe. *Lyrical Studies for Trumpet* (adaptable a outros instrumentos de vento-metal).
- Schlossberg, Max. *Daily Drills and Technical Studies for Trumpet*.
- Remington, Emory. *Warm-Up Exercises for Trombone*.
- ESCUCHAR, LEER, TOCAR (Vol. 1,2,3) Cada volumen, un nivel.

Literatura e Repertorio:

- Bousquet, Narcisse. *36 Celebrated Studies for Trombone*.
- Vaughan Williams, Ralph. *Six Studies in English Folk Song* (disponível para diferentes instrumentos de vento-metal).
- Bozza, Eugène. *Concertino* (para trompeta e outros).

Libros de Referencia e Técnica:

- Farkas, Philip. *The Art of Brass Playing*.
- Jacobs, Arnold. *Song and Wind*.
- Backus, John. *The Acoustics of Musical Instruments*.

Recursos Dixitais:

- Partituras e métodos dispoñibles en bibliotecas dixitais como IMSLP (International Music Score Library Project).
- Vídeos e recursos educativos en plataformas como *YouTube*, ofrecendo clases maxistras e tutoriais sobre a técnica e o repertorio dos instrumentos de vento-metal.